



Convenios

Co ánimo de ofrecer aos socios mellores ofertas en servizos a Asociación de Empresarios de Santa

Este convenio ten por obxectivo informar e asesorar por parte de ING Nationale Nederlanden sobre diversas cuestións referentes a previsión, aforro, xubilación e inversión, comercializados todos eles a través dunha sólida estrutura comercial integrada por profesionais cualificados en todo o territorio nacional.

Ten como obxectivo informar, asesorar e contratar cos asociados produtos de seguros de asistencia sanitaria familiar e vida, sendo as prestacións garantizadas as prestacións básicas en asistencia primaria, asistencia especializada, hospitalización, tratamento e servizos especiais.

Comba asinou convenios coas seguintes empresas:

Consciente da importancia que supón a mellora das condicións laborais e o fomento da Prevención de Riscos Laborais chegouse a un acordo con SN Servicios Normativos Servicio de Prevención Alleo para ofertar aos nosos asociados unhas condicións ventaxosas en materia de Prevención de Riscos Laborais tanto en prezos coma en servizos.



Reclamación xudicial de impagados, recobros, facturas (monitorios e cambiarios), Asesoramento xurídico integral no ámbito laboral, penal, administrativo e civil, son entre outros os servizos que presta este despacho de avogados sito en Santa Comba, con carácter gratuito para os asociados.



AMARELLE & CAMPOS
ABOGADOS
SANTA COMBA - SADA - A CORUÑA

Avda. Alfonso Molina, 41 - 1.º C 15840 Santa Comba (A Coruña) Tfn./Fax 981 880 332 Móviles 606 204 024 - 651 063 241 amarellebarreiro@gmail.com - campos.abogados@gmail.com

Avda. Barrié de la Maza, 28 ofc. A 15160 Sada (A Coruña)

O Convenio con esta entidade bancaria é para ofrecer aos asociados unhas condicións bancarias ventaxosas e preferentes, que non terían a carácter particular no caso de contratar unha serie de servizos ou prestacións.



Para máis información destes servizos dirixirse á Asociación de Empresarios de Santa Comba.

2009
2.º TRIMESTRE

www.empresariosdesantacomba.com
r/ Pontevedra, 9 entreplanta 15840 Santa Comba A Coruña tlf. 981 818 604

PUBLICIDADE

ESTE ESPAZO ESTÁ DISPOÑIBLE
SANTA COMBA ESTATE VENDENDO
INVIRTE E ANÚNCIATE
FAITE SOCI@



O Presiente fala | Asemblea Xeral | Homenaxe a D. Eliseo Mourelle Brenlla | II Feira Multisectorial | CCA | Resumo de actuacións feitas | Convenios

2009
2.º TRIMESTRE

O Presidente fala

DON ANTONIO LANDEIRA GALLARDO



Teño o agrado de presentar o segundo número do Boletín da Asociación de Empresarios de Santa Comba, que como sabedes ten o obxectivo de ser un medio informativo e de enlace entre a Asociación e as empresas e o conxunto de lectores en xeral.

Nesta publicación, inclúe tódalas actividades feitas ou eventos que se celebraron no transcurso do segundo trimestre deste ano.

Coa firme intención de que o Boletín sexa do seu interese e sirva coma un medio polo cal poidan as empresas socias participar e colaborar aportando novas, suxerencias ou ofertas de interese para os asociados, e polo cal fago un chamamento e agardo que para o vindeiro número que sairá publicado no vindeiro mes de outubro recibamos as vosas aportacións.



Asemblea Xeral

No pasado mes de abril a Asociación de Empresarios da Santa Comba celebrou no Restaurante Molesón a súa

Asemblea Xeral onde acudiron unha gran parte de empresarios asociados e no que se aprobaron as contas do pasado ano e o presuposto deste ano aparte de facer mención das actividades feitas e as previstas para este ano, estaba todo reflexado na Memoria 2008, entregada a tódolos asistentes á Asemblea así como a presentación do I Boletín Trimestral editado e publicado pola Asociación.



Asemblea Xeral
17 de abril de 2009

Homenaxe a D. Eliseo Mourelle Brenlla

A Xunta Directiva decidiu por unanimidade homenaxear este ano a D. Eliseo Mourelle Rial en recoñecemento a súa traxectoria empresarial e profesional como práctico en minería de materiais estratéxicos e como mérito fíxoselle entrega dunha placa conmemorativa e un pin de ouro co anagrama da Asociación ao día seguinte da celebración da Asemblea Xeral.

No restaurante Molesón celebrouse o acto cargado de recordos anterros que foron plasmados nun video editado pola Asociación coa vida e traxectoria empresarial de D. Eliseo, o cal agradecido polo homenaxe pronunciou unhas palabras cun gran sentimento.





Feira Multisectorial

A Asociación de Empresarios de Santa Comba colaborou xunto ao Concello de Santa Comba na organización da II Feira Multisectorial Terra do Xallas que se celebrou os días 5, 6 e 7 de xuño.


A parte do medio centenar de empresas que participaron expoñendo nos stands os seus produtos ou servizos xunto á exposición da maquinaria agrícola, houbo un programa cargado de actividades.

Entre outros a mostra de equipos e medios do servizo do seprona da garda civil, exhibición de automodelismo, simulacro de accidente con ex-carcelación e rescate, xornadas sobre a autosuficiencia enerxética rural, animación e zona de xogos infantil, actuación humorística, exhibición de defensa e ataque con cans...

O éxito foi garantizado grazas á gran afluencia de xente o cal derivou que as empresas participantes quedaran totalmente satisfeitas polo volume de negocio feito neses días.

Estase a estudar a posibilidade de celebrar a feira multisectorial cada dous anos.

Xuño 2009



Rolda de prensa na sede da FECOM para dar a coñecer os premiados da II Xuntanza Empresarial da Costa da Morte.



Galardoado de Santa Comba na II Xuntanza Empresarial da Costa da Morte.



Galardoado de Santa Comba na II Xuntanza Empresarial da Costa da Morte.



Crear o CCA en Santa Comba, o único que nos traerá aos comerciantes son beneficios

Centro Comercial Aberto «CCA»

Son moitos e variados os motivos polo que nos interesa crear un Centro Comercial Aberto —CCA— en Santa Comba.

- » *Dar a coñecer o noso pobo*
- » *Dar a coñecer o comercio de Santa Comba*
- » *Dar un empuxe ao cliente para que merque máis e mellor*
- » *Mellorar as vendas dos nosos comercios*
- » *Dar máis calidade ás rúas do noso pobo*

Canta máis xente haxa no pobo hai máis movemento nas rúas e xa se sabe que a xente atrae á xente.

Nestos tempos que corren, os posibles clientes e os que xa son, necesitan un aliciente para mercar e iso é o que vai dar se nos unimos todos os comerciantes para que o Centro Comercial Aberto de Santa Comba sexa unha realidade.

Co CCA o que se conseguirá é que se acerquen novos clientes e os que xa teñamos sexan fieles, facendo unha tarxeta de fidelización coa que poderán conseguir varios premios grazas as súas compras. Temos que facer ver que en Santa comba temos igual ou mellor variedade e calidade

de produtos que en calquera outro lugar sen ter que desplazarse «somentes coa viaxe incrementamos o valor da compra».

Aparte disto temos ao noso favor «e ao meu entender é impagable» a confianza e o trato personalizado que se lla aos nosos clientes, cousa que non existe nas grandes áreas comerciais.

Habendo unión entre os comerciantes vamos a conseguir que co CCA, Santa Comba, sexa un reclamo para que os posibles clientes dos arredores e os de Santa Comba merquen nos nosos comercios, facendo a publicidade necesaria faremos que o comercio da vila se coñeza en tódalas partes e así atraeremos a máis xente á vila, o que é moi beneficioso para todos.

En conclusión, creo que crear o CCA en Santa Comba, o único que nos traerá aos comerciantes son beneficios e a medida que pase o tempo, cando vexamos que os nosos negocios melloran e prosperan, daremonos conta do acertado da decisión que tomamos. O que é bo para o pobo é bo para todos.

Silvia Beatriz Vázquez Lois – PISOTONES
(Membro da Xunta Xestora do CCA)

Resumo de actuacións feitas

ABRIL

- » Reunións da Xunta Directiva da Asociación de Empresarios na propia sede.
- » Asemblea Xeral da Asociación de Empresarios no Restaurante «Molesón» de Santa Comba.
- » Xantar de Confraternidade e Homenaxe a D. Eliseo Mourelle Rial no Restaurante «Molesón» de Santa Comba.
- » Editado e publicado o Primeiro Boletín Trimestral da Asociación de Empresarios.
- » Asistencia de membros da Xunta Directiva da Asociación de Empresarios á reunión da Xunta Directiva da FECOM no local social de Baio.
- » O Secretario D. Manuel Amigo Ferreiro asiste á reunión ordinaria do Consello Escolar do IES Terra de Xallas de Santa Comba.
- » Entrega aos socios da Memoria anual 2008.

MAIO

- » O Vicepresidente D. José Manuel Arufe Rieiro asiste á Asemblea Xeral Extraordinaria da Asociación Terras de Compostela (GDR 24).
- » Rolda de prensa na sede da FECOM en Baio para dar a coñecer os galardoados na II Xuntanza Empresarial da Costa da Morte.
- » Reunión no Edificio Multiusos de Santa Comba cos responsables de organización da II Feira Multisectorial.
- » II Xuntanza Empresarial da Costa da Morte no Restaurante «Palacio de Cristal» de Baio.
- » Reunións da Xunta Directiva da Asociación de Empresarios na propia sede.

XUÑO

- » II Feira Multisectorial Terra do Xallas no recinto feiral de Santa Comba os días 5, 6 e 7.
- » Entrega de Diplomas dos cursos realizados no pasado mes de outubro, novembro e decembro do 2008.
- » Xornada de Implantación do Centro Comercial Aberto en Santa Comba no Edificio Multiusos.